

## **PREGUNTA DE AER SOBRE FECAIS EN CESANTES**

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

O pasado 13 de novembro, na súa visita a Redondela, o Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra César Pérez Ares, declarou ante as reivindicacións para a construción dun patio cuberto no CEP Santa Mariña, que este asunto non “era prioritario”. Dáse a circunstancia que dende hai varios cursos escolares toda a comunidade educativa do CEP Santa Mariña está a reclamar a urxencia desta obra, xa que se está a dar a situación que nos días de chuvia a metade do alumnado deste centro non pode realizar a materia de Educación Física, co grave prexuízo para a formación do alumnado.

No Pleno do Concello de 23 de febreiro de 2011 aprobouse unha moción para “esixir a Consellería de Educación que concretara os prazos e orzamentos para a construción dun patio cuberto no Colexio de Educación Primaria Santa Mariña de Redondela”. A resposta do Xefe Territorial da Consellería de Educación demostra que non existe nin planificación nin orzamentos para a construción desta obra. Cómpre salientar que a xustificación da conxuntura de crise económica non é válida, xa que pasaron varios orzamentos anuais da Consellería sen que se iniciase a construción deste patio cuberto.

Ante o incumprimento do acordo do Pleno do Concello, en outubro do 2011 AER pediu nunha moción o posicionamento de todos os grupos representados no Pleno e propuxo que para facilitar a construción da obra, o Concello asumise unha parte dos gastos. Finalmente, aceptouse por unanimidade unha emenda do BNG para “solicitar da Xunta de Galicia que inclúa no orzamento de 2012 a consignación necesaria para a construción do patio cuberto no colexio de Santa Mariña de Redondela”.

Xa van alá máis de 2 anos e a construción dun patio cuberto no CEP Santa Mariña segue sen se levar a cabo nin estar prevista nos orzamentos, co conseguinte prexuízo para o alumnado deste centro educativo redondelán.

PREGUNTA: Que pasos vai seguir o alcalde para apoiar as reclamacións da comunidade educativa do CEP Santa Mariña, respectar e facer cumprir os acordos tomados no pleno do 23 de febreiro do 2011, demandar a construción do patio cuberto como un tema prioritario e esixir á Xunta de Galicia a construción do mesmo?

*O alcalde sinala que é prioritario, di que o patio cuberto é necesario. Se lle puxo ao servizo do colexio o pavillón municipal. Se buscan solucións, para que se poida facer.*